



Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4.1, treito enlace de Rande – enlace de Cangas, clave: PO/12/070.01.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data de 14 de xuño de 2012 a directora da Axencia Galega de Infraestruturas aprobou provisionalmente o proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4.1, treito enlace de Rande – enlace de Cangas, clave: PO/12/070.01.

Segundo. Con data de 20 de xullo de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia (nº 139) a Resolución de 26 de xuño de 2012, da directora da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se sometía ao trámite de información pública, polo prazo de 30 días hábiles, o proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4.1, treito enlace de Rande – enlace de Cangas, clave: PO/12/070.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Simultaneamente, o proxecto foi remitido ás administracións públicas afectadas, para que no prazo dun mes o examinasen e emitisen informe ó respecto.

Terceiro. Con data de 22 de agosto de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia (nº 159) a Resolución de 8 de agosto de 2012, da directora da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se ampliaba o prazo de información pública do referenciado proxecto de trazado, ata o día 28 de setembro de 2012.

Cuarto. Mediante resolución do 22 de novembro de 2012 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental se estableceu a non necesidade de someter este proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

Quinto. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións e informes que foron remitidos á dirección do estudo para a súa valoración.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O artigo 15.1 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, establece que cando se trate da construción dunha nova estrada ou variante de poboación non prevista no planeamento urbanístico vixente, a Administración titular da estrada aprobará tecnicamente o correspondente estudo informativo ou proxecto de trazado que se someterá ó trámite de información pública durante un prazo de trinta días hábiles, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No punto 2 dese artigo establécese que, simultaneamente coa información pública, o estudo ou proxecto deberá remitirse ás administracións afectadas para que, no prazo dun mes, examinen se o trazado proposto é o máis adecuado para o interese xeral e para os intereses das localidades e provincias afectadas. Transcorrido este prazo e un mes máis sen que as administracións afectadas emitan informe ó respecto, entenderase que están conformes co estudo ou proxecto.

Segundo. Na tramitación do expediente tiveronse en conta as normas de procedemento contidas na Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas vixentes de aplicación.

Por todo o exposto, e trala análise efectuada das alegacións e informes presentados polos organismos oficiais competentes,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4.1, treito enlace de Rande – enlace de Cangas, clave: PO/12/070.01, coas seguintes consideracións, que deberán ser tidas en conta, na fase de proxecto de construción:

- Primeira.- Por petición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, realizarase un



estudo de detalle sobre o impacto que o novo túnel xerará sobre o xacemento do Castro de Montealegre e o seu ámbito de protección.

- Segunda.- Inclúiranse as matizacións sinaladas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en relación aos elementos etnográficos "Camiño de Carroque" e "Muiño de Laxiña".
- Terceira.- Inclúirase e deseñarase, no punto quilométrico 2+430, unha pasarela para repoñer o antigo camiño Carroque – Poza da Moura e pasar a canalización de auga potable e regadía propiedade da Comunidade de Usuarios de Augas dos barrios de Calvar e Verdeal.
- Cuarta.- Inclúirase a instalación dun valo antivandálico entre os PP.QQ. 8+380 – 8+520, para garantir a seguridade viaria na autovía.
- Quinta.- Comprobarase o estado do manancial e do lago "Quinteiros" e, no seu caso, inclúirase unha partida orzamentaria destinada ao seu acondicionamento.
- Sexta.- Analizarase a conveniencia de trasladar o Miradoiro dos Parentes e, no seu caso, inclúirase a partida correspondente.
- Sétima.- Acondicionarase para o tránsito de peóns o paso inferior do enlace de Moaña (PQ 9+640), na estrada PO-313 Marín – Moaña.

Segundo.- Consonte establece o artigo 15.3 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia ordénase a modificación ou revisión do planeamento urbanístico dos concellos afectados polo proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor do Morrazo CG-4.1, treito enlace de Rande – enlace de Cangas, clave: PO/12/070.01, os cales deberán acomodarse ás determinacións do proxecto de trazado no prazo dun ano dende a súa aprobación.

Terceiro.- O proxecto de construción que desenvolva o proxecto de trazado, deberá axustarse ás indicacións recollidas nesta resolución.

Cuarto.- Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestructuras_Estradas), porase á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado.

Quinto.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase



interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2013

O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

PD Orde do 4 de febreiro de 2013 (DOG nº 36, do 20 de febreiro de 2013)

Directora da Axencia Galega de Infraestruturas


Ethel Vázquez Mourelle